



## *Adeus, capitán Walton*

Miguel Mato Fondo. Ed. Embora, 2018

Miguel Mato Fondo leva máis de catro décadas agasalándonos con textos. Experimentado poeta, narrador, ensaísta, iluminador da literatura de noso, colaborador en revistas e xornais, membro de grupos artísticos e da mítica primeira promoción de galegoportugués da USC, profesor de millares de alumnos e alumnas e home comprometido co seu país e co seu tempo.

Vén de publicar en Embora *Adeus, capitán Walton*, con fermosa capa da artista Fina Pita. O libro está dedicado ao fillo do autor, Alexandre, e contén unha citación do escritor austríaco Hermann Broch, do romance *A morte de Virxilio* que nos fala da soidade do artista, da arte, da nudez da beleza. Nun prólogo aos textos, o autor reflexiona sobre as fronteiras e as esenciais da escrita como identidade e memoria, como universo autoxestionado, como sorprendente máscara do escritor, como ecos

de momentos e imaxes onde paira a vida contaminada de todas as artes: a literaria, a musical, a plástica. Tamén se sinala unha predilección pola acción interior, o pormenor, o pensamento, a ollada, a idea.

Trátase dunha obra complexa protagonizada por mulleres libres, cultas e independentes, con múltiples referencias artísticas e un pouso autobiográfico, narradores en terceira e primeira persoa, cunha lingua moi poderosa para abordar os grandes temas: a escrita, a memoria, o tempo, o amor, a identidade, a arte, o coñecemento, a vida mesma.

En «*Flores nun vaso de auga*» retrátase unha vila, unha casa familiar, un xardín cunha nogueira, o luminoso cuarto da protagonista e por fin a avoa Teresa, mestra, nai, pintora...

«Últimos días de Rüngstedlund» recrea a biografía sentimental da baronesa Karen Bli-

xen entre as notas do concerto de Mozart en D minor 466 executado pola *London Philharmonic Orchestra*. Unha achega a Karen entre Kenia e Dinamarca, entre a literatura oral e a escrita, entre a memoria e o presente, entre a realidade e o soño.

«*Adeus, capitán Walton*» é tamén a confirmación de que un mundo desaparece connosco mentres unha muller morre nun accidente de coche e soa *I say a little prayer*.

«*En Caterina no devalo*» recuperamos o espazo central da beiramar, o xuncal e o río que percorren catro mozos na lancha de Amós. A figura de Caterina é outra vez a defensa da escritora e da lectora que celebra a recuperación da súa vida

interior cando os turistas abandonan as praias.

«*If you'd love someday*» é unha homenaxe ao jazz, ao amor, a eses espazos urbanos que coñece o autor con elementos propios da literatura negra.

As cinco pezas narrativas contidas neste volume de Miguel Mato Fondo hannos sobrevivir a todos e todas. Son cinco pezas dun quebracabezas delicioso que só se compón coa lectura atenta. Ocuparán un lugar de honra entre as obras literarias do século no que vivimos, mostra da madurez, do talento e do fabuloso mundo interior que nos transmite o autor da Ponteceso nun galego tan profundo como sincero.

**Henrique Rabuñal**